SEXTO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 1.363.717,26 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-07, agás no caso das facturas F/2021/6615 e F/2021/6717.

SÉTIMO. Actualizar o importe da reserva dunha parte do saldo actual do RLTGX 2021 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes determinándose en **DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS DEZANOVE EUROS, CON DEZASETE CÉNTIMOS (2.574.719,17 EUROS).**”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 12 abstencións

correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 4 CA e 1 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Dispor de UN MILLÓN TRESCENTOS SESENTA E DOUS MIL CATROCIENTOS VINTE E SETE EUROS, CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (1.362.427,86 EUROS) do saldo reservado do RLTGX 2021.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-07 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 correspondentes ao Concello de Santiago de Compostela, por importe de UN MILLÓN TRESCENTOS SESENTA E DOUS MIL CATROCIENTOS VINTE E SETE EUROS, CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (1.362.427,86 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 1.362.427,86 euros para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2021 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2021, co seguinte detalle:

DENOMINACION	CAP.	APLICACION	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 020 16210 2270000)	2	020 16210 2270099	11	CE	345.128,01
OPAS (2021 020 16210 2270800)	2	020 16210 2270899	11	CE	406.948,72
OPAS (2021 020 16500 2270900)	2	020 16500 2270999	12	CE	386.442,30
OPAS (2021 020 92000 2210000)	2	020 92000 2210099	12	CE	9.579,42
OPAS (2021 020 23103 2269900)	2	020 23103 2269999	18	CE	2.977,89
OPAS (2021 080 32300 2270101)	2	080 32300 2270199	22	CE	183.891,91
OPAS (2021 010 43300 2269900)	2	010 43300 2269999	34	CE	3.523,52
OPAS (2021 010 43300 2270600)	2	010 43300 2270699	34	CE	399,30
OPAS (2021 040 33404 2269900)	2	040 33404 2269999	49	CE	21.536,79
GASTO TOTAL CAPITULO 2					1.360.427,86
OPAS (2021 010 43300 4660000)	2	010 43300 4660099	34	CE	2.000,00
GASTO TOTAL CAPITULO 4					2.000,00
TOTAL OPAs (413) INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 2022-CREXT-07					1.362.427,86
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000					

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **1.362.427,86 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	1.362.427,86 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	1.362.427,86 €

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-07 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os

artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-07, se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

SEXTO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 1.363.717,26 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-07, agás no caso das facturas F/2021/6615 e F/2021/6717.

SÉTIMO. Actualizar o importe da reserva dunha parte do saldo actual do RLTXG 2021 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes determinándose en DOUS MILLÓNS CINCOCESTOS SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS DEZANOVE EUROS, CON DEZASETE CÉNTIMOS (2.574.719,17 EUROS).

3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2022-CREXT-08 POR IMPORTE DE 2.155.000,00 EUROS E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 2022-SUPLE-05 POR IMPORTE DE 1.520.000,00 EUROS FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO DE 2021.

A concelleira delegada de economía e facenda emitiu proposta con data 14 de xuño de 2022, posteriormente con data 17 de xuño de 2022 emite nova proposta, que introduce unha emenda á anteriormente presentada e ditaminada.

A nova proposta ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1.Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (número de encargo 44096) pola Alcaldía, en base ao manifestado polo responsable de Emprego, centro xestor 21, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria.

2. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (número de encargo 44467) pola concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade, en base ao manifestado polo técnico de programación cultura, responsable do centro xestor 23, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria.

3. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (número de encargo 42291) polo concelleiro delegado de Educación, Mocidade, Igualdade e Políticas Lingüísticas, en base ao manifestado pola técnica responsable do centro xestor 25 Lingua Galega, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria.

4. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (número de encargo 43631) pola Alcaldía, en base ao manifestado pola técnica responsable de Comercio, centro xestor 31, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria.

5. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (número de encargo 44180) pola Alcaldía, en base ao manifestado pola economista responsable de Promoción Económica, centro xestor 34, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria.

6. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (número de encargo 42695) polo concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, en base ao manifestado polo responsable de Relacións Veciñais e Mocidade, responsable do centro xestor 49, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria.

7. Considerando que con base no acordo do Consello de Ministros de data 27.07.2021, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria celebrada o 13.09.2021, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEFS, polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2022 (ao igual que xa acontecera con anterioridade para os exercicios 2020 e 2021).

8. Tendo en consideración a resolución nº 2022/4163 de 11.04.2022 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2021 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2021 en diante) de importe 23.231.476,17 euros e un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 8.256.814,84 euros.

8.a) Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 771.105,54€, xa foron saldadas con cargo ao recurso procedente do Remanente Líquido de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria de remanentes.

8.b) Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 281.259,54 €, xa foron saldadas con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2022.

8.c) Verificada a aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021 coa aprobación do

expediente de incorporación de remanentes 2022-INCOR-06 (resolución 2022/4938 de 29.04.2022) que aplicou 2.344.490,83 euros para atender á incorporación de remanentes de crédito correspondentes a saldos de gastos debidamente comprometidos no ano 2021 -en fase AD ou D- que achegan financiamento a facturas ou xustificantes de gasto que non puideron ser aprobados dentro dese exercicio.

8.d) Tendo en consideración o acordo de aprobación plenaria do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-02 de importe total 349.504,04 euros (en fase de exposición pública), que se financia coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021, para atender, por unha banda, o saldo daquelas OPAS relacionadas con anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a cotas de amortización de préstamos, xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2021 e, pola outra, aquelas OPAS relacionadas con facturas xa abonadas a través do procedemento extraordinario de financiamento establecido na disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, denominado Mecanismo de Pago a Proveedores.

8.f) Tendo en consideración o acordo de aprobación plenaria do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03 de importe total 789.468,81 euros (en fase de exposición pública), que se financia coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021, para atender obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos.

8.g) Considerando que no mesmo expediente 2022-CREXT-03, aos efectos de continuar coa aplicación prioritaria do saldo restante do RLTGX 2021, se tomou o acordo de reserva do saldo actual do RLTGX 2021 por importe de 3.937.147,03 € para atender o saldo restante de OPAS (se minoran do importe total de OPAS de 2021 o importe das OPAS xa abonadas con cargo ao crédito procedente do orzamento do exercicio 2022, aquelas que contaron para a súa aprobación co financiamento procedente do Remanente de Tesourería afectado, aquelas cuxo crédito habilitouse mediante o expediente 2022-INCOR-06 e aquelas incluídas no expediente de 2022-CREXT-02) que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes. Deste importe dispúxose de 1.362.427,86 € para financiamento do expediente 2022-CREXT-07, en fase de tramitación.

9.Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario - baixo a codificación 2022-CREXT-08 – e suplemento de crédito – baixo a codificación 2022-SUPLE-05, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

10.Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 10.06.2022.

11. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 10.06.2022 e con número de referencia 39/2022.

12.Visto o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este

expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito.

13. Visto o acordo da Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 13.06.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-08 e suplemento de crédito 2022-SUPLE-05.

14. Visto o ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas extraordinaria e urxente de 14.06.2022 sobre acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-08 e 2022-SUPLE-05.

15. Vista a emenda de substitución presentada pola concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local que minora a proposta inicial nun total de 300.000,00€ co seguinte detalle:

CX	Concepto	Importe anterior	Importe actual
21	Axudas emprego	400.000,00	350.000,00
31	Bonos corazón comercio	1.350.000,00	1.250.000,00
	Investimento comercio	400.000,00	350.000,00
34	Axudas ao fomento de melloras da práctica da economía circular	200.000,00	150.000,00
	Axudas a empresas de economía social	300.000,00	250.000,00
		2.650.000,00	2.350.000,00

16. Visto o informe da Oficina de Orzamentos 46/2022 en relación á emenda presentada.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Comunicación de 02.06.2021 da Comisión Europea de mantemento da suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape para o exercicio 2022.

Acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo do 2021 de solicitar ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que a leva a unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución española e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 13 de setembro do 2021 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2022 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Bases 12ª e 13ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2021, aprobada mediante resolución núm. 2022/4163 de 11 de abril, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, púxose de manifesto a existencia de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2021 por un importe total de 8.256.814,84 euros.

Así mesmo, coa liquidación do orzamento 2021 cuantificouse o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en 23.231.476,17 €, o cal pode destinarse, de acordo cos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRLRFL, para financiar modificacións orzamentarias sempre que se teñan en consideración as prioridades na orde de pago enumeradas no artigo 135 da Constitución Española e no artigo 187 do TRLRFL, que recollen en primeiro lugar os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións, os gastos de persoal, e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

E se ben é certo que o Congreso dos Deputados apreciou en sesión de 13 de setembro de 2021 que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais durante o exercicio 2022, tal e coma indica a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda no seu documento “Preguntas frecuentes sobre las consecuencias de la suspensión de las reglas fiscales en 2020 y 2021 en relación con las comunidades autónomas y las entidades locales”:

4. *“La suspensión de las reglas fiscales no implica otra correlativa de las obligaciones que tienen las administraciones públicas con terceros, y, concretamente, con los proveedores.”*

6. *“El superávit de los entes territoriales se debería destinar a la obligación de atender o cancelar la cuenta 413, al pago a proveedores de modo que se cumpla con el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad, así como a financiar déficits durante la suspensión, con eso se evita el incremento neto de endeudamiento necesario para financiar aquellos. A estos efectos, hay que tener en cuenta que, en todo caso, el cumplimiento de las obligaciones de atender la cuenta 413 y cumplir con el plazo máximo de pago a proveedores no está afectado por la medida de la suspensión.”*

Neste sentido, tense verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 768.445,42 € xa foron aprobadas con cargo ao recurso procedente do Remanente Líquido de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria deremanentes.

Por outra banda, tense verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 281.259,54 € xa foron aprobadas con cargo aos créditos iniciais do

exercicio 2022.

Ao mesmo tempo, a través da modificación orzamentaria de incorporación de remanentes de crédito número 6, financiada co RLTGX 2021, aprobada por resolución núm. 2022/4938, se incorporaron os saldos de compromisos de gasto debidamente adquiridos durante o 2021 por importe de 2.344.490,83 € aos efectos de atender aquelas facturas que non puideron ser aprobadas antes do final de ano e que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento (OPA).

Coa mesma finalidade, encóntrase en fase de exposición pública o acordo plenario do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-02 de importe 349.504,04 €, financiado co RLTGX 2021, coa finalidade de atender parcialmente ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413), en concreto, as derivadas da carga e outros gastos financeiros (232.479,47€) e para as facturas xa abonadas e non aprobadas incluídas no Mecanismo de Pago a Provedores (117.024,57€).

Con idéntica finalidade, tamén se atopa en fase de exposición pública o acordo plenario do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03 de importe 789.468,81 €, financiado co RLTGX 2021, para atender parcialmente ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413).

Finalmente, neste sentido, tamén se atopa en fase de tramitación o expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 de importe **1.362.427,86 €**, financiado co RLTGX 2021, para atender parcialmente ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413).

Feitas as consideracións anteriores, a modificación de crédito extraordinario número 2022- CREXT-08 e suplemento de crédito 2022-SUPLE-05, que se propón aprobar, en opinión das persoas informantes, adecúase ó marco legal exposto anteriormente xa que o seu obxecto é atender a necesidades de gasto necesarias na actualidade nos Concellos e que sirvan de impulso na reconstrución económica e social ante a crise socioeconómica xerada pola COVID- 19.

III. DETERMINACIÓN DO IMPORTE PENDENTE DE APLICAR NO CONCELLO EN RELACIÓN AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021.

O importe do remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2021 (en diante RLTGX 2021) foi de 23.231.476,17 euros.

Ao longo do presente exercicio fíxose uso deste recurso financeiro seguindo a normativavixente, co detalle do seguinte cadro explicativo:

Detalle da aplicación actual do RLTGX do exercicio 2021

Importe do RLTGX do exercicio	2021 23.231.476,17
Importe de saldo OPAS liquidación orzamento 2021	8.256.814,84

Aplicación realizada para saldo OPAS 2021	Financiamento	Importe	Expediente aprobado
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS e outros gastos RLTGX 2021		2.344.490,83	2022-INCOR-06
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS e outros gastos RLT afectado		771.105,54	
Pagamento saldo OPAS con cargo aos créditos iniciais do orzamento 2022 Recurso ordinario		281.259,54	
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas da carga e outros gastos financeiros RLTGX 2021		232.479,47	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas de facturas abonadas incluídas no MPP RLTGX 2021		117.024,57	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS RLTGX 2021		789.468,81	2022-CREXT-03
Aplicación do RLTGX para OPAS RLTGX 2021		1.362.427,86	2022-CREXT-07
Saldo de OPAS con crédito habilitado.....		5.898.256,62	

Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para saldar OPAS sen crédito RLTGX 2021	3.826.856,24	2022-CREXT-03
Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para pagamentos domiciliados en conta RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-03
Suma de importes da reserva prioritaria orixinal de aplicación do RLT para GX do 2021	3.937.147,03	2022-CREXT-03
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS RLTGX 2021	1.362.427,86	2022-CREXT-07
Saldo pendente da reserva prioritaria de aplicación do RLT para GX do 2021	2.574.719,17	2022-CREXT-07

Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021 para outras finalidades **15.810.865,46**

Outras aplicacións do RLTGX 2021	Financiamento	Importe	Expediente aprobado
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para subvencións RLTGX 2021		1.315.769,99	2022-INCOR-07
Incorporación de remanentes para vehículos eléctricos (2021-CREXT-10) RLTGX 2021		370.493,48	2022-INCOR-07
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para proxecto RLTOU e RLTOR RLTGX 2021		1.776.025,67	2022-CREXT-04
Suplemento de crédito para proxecto de gasto 2020/2/OBCSC/18 RLTGX 2021		58.206,72	2022-SUPLE-04
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para pagamento de sentenzas e obrigas RLTGX 2021		3.998.833,46	2022-CREXT-05

Suma de aplicacións previstas en expedientes en tramitación plenaria **7.519.329,32**

Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021 **8.291.536,14**

Do establecido no cadro anterior dedúcese que:

- o importe aplicado ata o momento actual do RLT para GX resultante da liquidación do Concello do exercicio 2021 para OPAs e outros gastos preferentes foi de 3.483.463,68 €.

- que existe unha reserva prioritaria para OPAS sen crédito e pagamentos domiciliados en conta por importe de 3.937.147,03 euros para atender unha parte do saldo vivo de OPAS e a conta 413, da que se vai dispoñendo coa aprobación dos correspondentes expedientes.

- que se aplicou o recurso financeiro para outras finalidades por importe de 7.519.329,32 €.

- que o saldo pendente de aplicar para outras finalidades ascende á cantidade de 8.291.536,14 €, dos cales se empregarán un total de 3.375.000,00 € para tramitar este expediente.

IV. APLICACIÓNS PROPOSTAS COMO DESTINO DO SALDO PENDENTE DO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DO CONCELLO DO EXERCICIO 2021.

Consta no apartado II de antecedentes do presente informe proposta, a relación de solicitudes formuladas polos distintos centros xestores de necesidade de tramitación de modificacións orzamentarias, modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que supoñen a aplicación de 3.375.000,00 € do saldo actual pendente do RLT para GX resultante da liquidación do Concello do exercicio 2021. Dun xeito resumido, a aplicación proposta amósase no seguinte cadro explicativo:

CX	Conc epto	Importe total	2022-CREXT-08	2022-SUPLE-05
21	Axudas emprego	350.000,00	350.000,00	
23	Axudas cultura ao sector profesional	270.000,00	270.000,00	
	Axudas a actividades culturais destinadas a asociacións	30.000,00		30.000,00
	Actividades cultura	100.000,00	100.000,00	
	Axenda cultural	75.000,00	75.000,00	
25	Lingua galega	75.000,00		75.000,00
31	Bonos corazón comercio	1.250.000,00		1.250.000,00
	Axudas para actividades de promoción da actividade comercial	15.000,00		15.000,00
	Investimento comercio	350.000,00	350.000,00	
	Actividades de rúa para a dinamización comercial e hostalería	200.000,00	200.000,00	
	Actividades de promoción commercial	150.000,00	150.000,00	
	Estudo do comercio de proximidad	30.000,00	30.000,00	
	Estudo da praza de abastos	30.000,00	30.000,00	

34	Axudas ao fomento de melloras da práctica da economía circular	150.000,00	150.000,00	
	Axudas a empresas de economía social	250.000,00	250.000,00	
49	Axudas asociacións veciñais	50.000,00		50.000,00

Total expediente 2022-CREXT-08 e 2022-SUPLE-05

3.375.000,00 . 1.955.000,00 1.420.000,00

Afondando no detalle de cada unha das solicitudes recibidas e que forman parte do expediente que se está a tramitar, faixe unha análise do carácter específico e determinado dos gastos que se propoñen realizar, sobre os cales manifestan a súa urxencia e que non poden demorarse até o exercicio seguinte.

1.^a- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de **350.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor Emprego (CX 21) de necesidade de concesión dunha liña de subvencións, por concorrencia, para o fomento do emprego estable e de calidade.

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	IMPORTE
Axudas destinadas ao fomento do emprego estable e de calidade	010 24100 4790001	21	350.000,00
TOTAL AXUDAS FOMENTO EMPREGO ESTABLE E DE CALIDADE			350.000,00

2.^a- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía total de **445.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de Cultura (CX 23) de necesidade de concesión dunha liña de subvencións, por concorrencia, para o fomento da actividade do sector económico da cultura da cidade (270.000,00€), para o desenvolvemento de novas actividades culturais (75.000,00€) e dunha axenda cultural (75.000,00€).

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	CONCEPTO	IMPORTE
Axudas cultura ao sector profesional	050 33400 4790101	23	CE	270.000,00
Actividades culturais	050 33400 2269901	23	CE	100.000,00
Axenda cultural	050 33400 2279901	23	CE	75.000,00
TOTAL CE CULTURA A FINANCIAR CON RLTX 2021				445.000,00

3.^a- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, suplemento de crédito, por unha contía total de **30.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de Cultura (CX 23) de necesidade de incrementar o crédito consignado para unha liña de axudas, por concorrencia, para actividades culturais destinadas a asociacións (30.000,00€).

A súa proposta de suplemento de crédito tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	CONCEPTO	IMPORTE
Axudas a actividades culturais destinadas a asociacións	050 33400 4890100	23	SC	30.000,00
TOTAL CE CULTURA A FINANCIAR CON RLTX				30.000,00

4.^a- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, suplemento de crédito, por unha contía total de **75.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de Lingua galega (CX 25) de incrementar a dotación

orxamentaria para o desenvolvemento de actividades de normalización lingüística (75.000,00€).

A súa proposta de suplemento de crédito tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	CONCEPTO	IMPORTE
Actividades normalización lingüística	080 33402 2269900	25	SC	75.000,00
TOTAL ACTIVIDADES NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA A FINANCIAR CON RLT				75.000,00

5ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía total de **760.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de comercio (CX 31) de necesidade de concesión dunhas liñas de subvencións, por concorrencia, para o financiamento de investimentos para a innovación e dixitalización do comercio local (350.000,00 euros) actividades de rúa para a dinamización comercial e hostalería (200.000,00 euros), para actividades de promoción comercial (150.000,00€), e para sendos estudos sobre o comercio de proximidade (30.000,00€) e sobre a praza de abastos (30.000,00€).

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
Axudas para o financiamento de gastos de capital no comercio local	010 43100 7790101	31	2022 4 RLTCO 45	CE	350.000,00
Actividades de rúa para a dinamización comercial e hostalería	010 43100 2269902	31		CE	200.000,00
Actividades de promoción comercial	010 43100 2269903	31		CE	150.000,00
Estudo do comercio de proximidade	010 43100 2270601	31		CE	30.000,00
Estudo da praza de abastos	010 43100 2270602	31		CE	30.000,00
TOTAL CE COMERCIO A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2021					760.000,00

6ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, suplemento de crédito, por unha contía total de **1.265.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de comercio (CX 31) de necesidade de incrementar o crédito existente para a concesión de axudas ao fomento do consumo no comercio e na hostalería local (1.250.000,00€) e dunha liña de subvencións, por concorrencia, para actividades de promoción da actividade comercial (15.000,00 euros) .

A súa proposta de suplemento de crédito tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	CONCEPTO	IMPORTE
Axudas para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local	010 43100 4890101	31	SC	1.250.000,00
Axudas para actividades de promoción da actividade comercial	010 43100 4890100	31	SC	15.000,00
TOTAL SC COMERCIO A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2021				1.265.000,00

7ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía total de **400.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de Promoción económica (CX 34) de necesidade de concesión dunhas liñas de subvencións, por concorrencia, para melloras na práctica da economía circular (150.000,00 euros) e para axudas a melloras e ao crecemento de empresas de economía social (250.000,00€).

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	CONCEPTO	IMPORTE
Axudas empresas melloras na práctica da economía circular	010 43300 4790001	34	CE	150.000,00
Axudas melloras e crecemento empresas economía social	010 43300 4790002	34	CE	250.000,00
TOTAL CE PROMOCIÓN ECONÓMICA A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2021				400.000,00

8ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, suplemento de

crédito, por unha contía total de **50.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de Promoción económica (CX 49) de incrementar a dotación orzamentaria para a concesión dunha liña de subvencións, por concorrencia, para asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral (50.000,00€).

A súa proposta de suplemento de crédito tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	CONCEPTO	IMPORTE
Subvencións asociacións veciñais sen ánimo de lucro	040 33404 4890100	49	SC	50.000,00
TOTAL ACTIVIDADES ASOCIACIÓN VECIÑAIS A FINANCIAR CON RLTGX 2021				50.000,00

V. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

O artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, establece que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso deste expediente de crédito extraordinario (1.955.000,00€) e suplemento de crédito (1.420.000,00 €) financíase coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela, a adopción dos seguintes acordos, que recolle a emenda presentada pola concelleira delegada Economía e Facenda de acordo co seguinte:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-08 para a realización de actividades no ámbito da cultura e comercio, a redacción de estudos comerciais e para a concesión de axudas no ámbito do emprego, da cultura, e da promoción económica por un importe total de **UN MILLÓN NOVECIENTOS CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (1.955.000,00 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de **1.955.000,00** euros para a realización de actividades no ámbito da cultura, lingua galega e comercio, estudos comerciais e para a concesión de axudas no ámbito do emprego, da cultura, e da

promoción económica, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
Actividades culturais	050 33400 2269901	23		100.000,00
Axenda cultural	050 33400 2279901	23		75.000,00
Actividades de rúa para a dinamización comercial e hostalería	010 43100 2269902	31		200.000,00
Actividades de promoción comercial	010 43100 2269903	31		150.000,00
Estudo do comercio de proximidade	010 43100 2270601	31		30.000,00
Estudo da praza de abastos	010 43100 2270602	31		30.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2				585.000,00
Axudas destinadas ao fomento do emprego estable e de calidade	010 24100 4790001	21		350.000,00
Axudas cultura ao sector profesional	050 33400 4790101	23		270.000,00
Axudas empresas melloras na práctica da economía circular	010 43300 4790001	34		150.000,00
Axudas melloras e crecemento empresas economía social	010 43300 4790002	34		250.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4				1.020.000,00
Axudas para o financiamento de gastos de capital no comercio local	010 43100 7790101	31	2022 4 RLTCO 45	350.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 7				350.000,00
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2022-CREXT-08				1.955.000,00

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **1.955.000,00 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	1.955.000,00 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	1.955.000,00 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2022-SUPLE-05 para a realización de actividades no ámbito da lingua galega e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local e para o desenvolvemento de actividades por parte das asociacións veciñais por un importe total de **UN MILLÓN CATROCENTOS VINTE MIL EUROS (1.420.000,00 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

1.- Habilitación de suplemento de crédito por un importe de **1.420.000,00 euros** para a realización de actividades no ámbito da lingua galega e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local e para o desenvolvemento de actividades por parte das asociacións veciñais, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	Crédito inicial	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
Actividades normalización lingüística	080 33402 2269900	25	131.460,00	75.000,00	206.460,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2				75.000,00	
Axudas a actividades culturais destinadas a asociacións	050 33400 4890100	23	15.000,00	30.000,00	45.000,00
Axudas para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local	010 43100 4890101	31	200.000,00	1.250.000,00	1.450.000,00
Axudas para actividades de promoción da actividade comercial	010 43100 4890100	31	85.000,00	15.000,00	100.000,00
Axudas asociacións veciñais sen ánimo de lucro	040 33404 4890100	49	100.000,00	50.000,00	150.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4				1.345.000,00	
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2022-SUPLE-05				1.420.000,00	

Como consecuencia, terán lugar as seguintes modificacións a nivel das aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN	CX	Crédito inicial	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
080 33402 2269900	25	131.460,00	75.000,00	206.460,00
050 33400 4890100	23	22.500,00	30.000,00	52.500,00
010 43100 4890101	31	200.000,00	1.250.000,00	1.450.000,00
010 43100 4890100	31	85.000,00	15.000,00	100.000,00
040 33404 4890100	49	100.000,00	50.000,00	150.000,00
		407.500,00	1.345.000,00	1.752.500,00

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **1.420.000,00 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	1.420.000,00 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	1.420.000,00 €

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario n.º 2022-CREXT-08 e suplemento de crédito n.º 2022-SUPLE-05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario n.º 2022-CREXT-08 e suplemento de crédito n.º 2022-SUPLE-05, se contra él non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022- CREXT-08 e suplemento de crédito 2022-SUPLE-05 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Á vista da proposta transcrita e demais documentación que figura no expediente, e despois de ser aceptada por unanimidade dos/as presentes a emenda que figura na proposta transcrita, o Pleno da Corporación aproba por unanimidade:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-08 para a realización de actividades no ámbito da cultura e comercio, a redacción de estudos comerciais e para a concesión de axudas no ámbito do emprego, da cultura, e da promoción económica por un importe total de UN MILLÓN NOVECIENTOS CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (1.955.000,00 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de **1.955.000,00** euros para a realización de actividades no ámbito da cultura, lingua galega e comercio, estudos comerciais e para a concesión de axudas no ámbito do emprego, da cultura, e da promoción económica, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
Actividades culturais	050 33400 2269901	23		100.000,00
Axenda cultural	050 33400 2279901	23		75.000,00
Actividades de rúa para a dinamización comercial e hostalería	010 43100 2269902	31		200.000,00
Actividades de promoción comercial	010 43100 2269903	31		150.000,00

Estudo do comercio de proximidade	010 43100 2270601	31		30.000,00
Estudo da praza de abastos	010 43100 2270602	31		30.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2				585.000,00
Axudas destinadas ao fomento do emprego estable e de calidade	010 24100 4790001	21		350.000,00
Axudas cultura ao sector profesional	050 33400 4790101	23		270.000,00
Axudas empresas melloras na práctica da economía circular	010 43300 4790001	34		150.000,00
Axudas melloras e crecemento empresas economía social	010 43300 4790002	34		250.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4				1.020.000,00
Axudas para o financiamento de gastos de capital no comercio local	010 43100 7790101	31	2022 4 RLTCO 45	350.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 7				350.000,00
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2022-CREXT-08				1.955.000,00

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **1.955.000,00 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	1.955.000,00 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	1.955.000,00 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2022-SUPLE-05 para a realización de actividades no ámbito da lingua galega e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local e para o desenvolvemento de actividades por parte das asociacións veciñais por un importe total de UN MILLÓN CATROCENTOS VINTE MIL EUROS (1.420.000,00 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

1.- Habilitación de suplemento de crédito por un importe de 1.420.000,00 euros para a realización de actividades no ámbito da lingua galega e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local e para o desenvolvemento de actividades por parte das asociacións veciñais, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	Crédito inicial	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
Actividades normalización lingüística	080 33402 2269900	25	131.460,00	75.000,00	206.460,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2				75.000,00	
Axudas a actividades culturais destinadas a asociacións	050 33400 4890100	23	15.000,00	30.000,00	45.000,00
Axudas para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local	010 43100 4890101	31	200.000,00	1.250.000,00	1.450.000,00
Axudas para actividades de promoción da actividade commercial	010 43100 4890100	31	85.000,00	15.000,00	100.000,00
Axudas asociacións veciñais sen ánimo de lucro	040 33404 4890100	49	100.000,00	50.000,00	150.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4				1.345.000,00	
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2022-SUPLE-05				1.420.000,00	

Como consecuencia, terán lugar as seguintes modificacións a nivel das aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN	CX	Crédito inicial	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
080 33402 2269900	25	131.460,00	75.000,00	206.460,00
050 33400 4890100	23	22.500,00	30.000,00	52.500,00
010 43100 4890101	31	200.000,00	1.250.000,00	1.450.000,00
010 43100 4890100	31	85.000,00	15.000,00	100.000,00
040 33404 4890100	49	100.000,00	50.000,00	150.000,00
		407.500,00	1.345.000,00	1.752.500,00

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais: **1.420.000,00 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	1.420.000,00 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesorería para gastos xerais	1.420.000,00 €

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario n.º 2022-CREXT-08 e suplemento de crédito n.º 2022-SUPLE-05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario n.º 2022-CREXT-08 e suplemento de crédito n.º 2022-SUPLE-05, se contra él non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación

do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022- CREXT-08 e suplemento de crédito 2022-SUPLE-05 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

Remata a sesión ás 11:35 horas. Dou fe